

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA A REVITALIZACIÓN DO TREITO ANTIGO DA N640 AO SEU PASO POLO NÚCLEO URBANO DE CUNTIS

Ao Pleno da Corporación de Cuntis


Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A revitalización de espazos debe ser unha prioridade para quen decida apostar pola conservación do casco urbano de Cuntis como potencial turístico, así como para o máximo aproveitamento funcional para os/as veciños/as. No caso da nosa vila, esta necesidade increméntase se atendemos ás dificultades de estacionamento e ás moitas “áreas esquecidas” incluso no núcleo urbano.

Unha destas áreas que se atopa manifestamente descoidada e infraproveitada é a zona da antiga estrada N640, na área de confluencia coa rúa Bernardo Sagasta. Logo da construción da variante da estrada nacional, e co cambio de sentido aplicado á citada rúa despois da súa última remodelación, a zona á que se fai referencia perdeu o dinamismo que no seu momento tivo como área de entrada e saída do Baño. Trátase dun espazo que nestes momentos presenta carencias manifestas no que se refire a conservación e que, na práctica, a súa única función é o estacionamento de autobuses nas prazas de aparcamento reservadas a tal fin. Ademais, as condicións de accesibilidade tamén presentan múltiples carencias que demandan unha reforma integral.

veciñanza



A integración no casco histórico mediante a súa reactivación e dinamización reportaría efectos positivos en todo o núcleo urbano, coa posibilidade, nos termos nos que urbanisticamente fose máis interesante, de buscar alternativas de estacionamento así como de humanización e adecentamento da entrada sur da vila do Baño de Cuntis.

A tales efectos, a Administración Local debера deseñar un proxecto específico para a zona á que nos referimos que se vise integrado no deseño urbanístico do conxunto histórico. As posibilidades de humanización e aproveitamento funcional que presenta son moitas e todas elas repercutirían de xeito positivo na revitalización e conservación do núcleo urbano. A área á que nos referimos descríbese, segundo as definicións do propio Ministerio de Fomento, como unha vía urbana dende o momento no que existe xa unha alternativa co novo trazado da N640.



veciñanza



A Orde do Ministro de Fomento de 23 de xullo de 2001 regula a entrega aos Concellos daqueles treitos urbanos da *Red de Carreteras del Estado* que adquirisen a condición de vías urbanas polo cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 127.1 do Regulamento Xeral de Estradas. En función desta disposición, o treito da N640 que, co gallo da nova variante, perdeu a condición de vía principal para pasar a ser considerada como vía urbana á que nos referimos neste caso, reúne os requisitos que esa mesma orde ministerial establece para o financiamento de proxectos de recondicionamento destas áreas. Esta disposición vese actualizada por unha nova Orde Ministerial do ano 2005, na que volve establecer as cantidades (xa en euros) que o Ministerio de Fomento achegaría en función da lonxitude obxecto da intervención.

Acondicionar e revitalizar este espazo permitiría poñelo a disposición das necesidades que o proxecto estimara máis oportunas, ben fosen de estacionamento, para a humanización do propio espazo ou para a integración peonil co casco urbano por medio da rúa Bernardo Sagasta. As repercusións positivas para os establecementos comerciais da contorna, así como veciños/as e visitantes serían evidentes.

Do mesmo xeito, esta posibilidade amplíase tamén ao treito localizado no cruce de Moraña, na intersección coa estrada PO-226. O novo trazado da N640 deixou o treito da estrada vella nunha situación para a que é posible buscar unha solución que humanice e transforme aquel espazo.

veciñanza



por todo o exposto, instamos ao pleno da Corporación á adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar ao Goberno Municipal de Cuntis a valorar estas áreas como merecen e traballar pola seu aproveitamento a fin de buscar a integración funcional e urbanística co casco histórico do Baño.
2. Instar ao Goberno Municipal a que redacte un proxecto nas condicións que establecen as axudas do Ministerio de Fomento (Ordes Ministeriais de Fomento dos anos 2001 e 2005, que adxuntamos) para a revitalización destas travesías urbanas.
3. Instar ao Goberno Municipal a solicitar as axudas económicas dispostas para este fin.

Cuntis, 25 de outubro de 2019

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López

ANEXO: ORDES MINISTERIAIS DOS ANOS 2001 E 2005